

Informe da Directora Xunta de Escola, 23 de novembro de 2022

1 Reunións de traballo

- 21 de xullo. Reunión de traballo coas persoas representantes da COMG (Directora Técnica) e ARIGAL (Director Técnico).
- 19 de setembro. Reunión co Reitor, Vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións e o Director da Área de Titulacións da UVIGO en relación á viabilidade das titulacións de grao do centro. Remitiuse información sobre a planificación temporal dos dous graos, a valoración de diferentes opcións (activar a modalidade semipresencial, modificación da denominación, simultaneidade de estudos...) e información sobre a viabilidade e recursos das dúas titulacións de grao.
- 4 de outubro. Asistencia da directora á reunión convocada polo Vicerreitor de Planificación e Sostibilidade para informar sobre as medidas recollidas no “*Plan de medidas urxentes de aforro enerxético*”.
- 4 de outubro. Asistencia da directora á reunión con representantes da “Asociación Ingenieros de la Energía”, para tratar temas relativos á profesión e á inserción laboral.
- 6 de outubro. Asistencia de Francisco Deive á reunión “*Colmea de Ideas*” convocada pola directora da área de Emprego e a Vicerreitora de Estudantado e Emprego. Hai 26 retos de 18 empresas de diferentes ámbitos que foron presentados antes de agosto de 2022.
- 22 de xullo e 24 de setembro. Reunións co director da EEI e a directora da EET, para valorar por en marcha unha nova iniciativa para o desenvolvemento dun espazo de innovación docente para uso do estudantado das tres escolas.
- 9 de novembro. Asistencia da directora a reunión convocada polo representante da UVIGO na CIUGA.
- 21 de novembro. Asistencia da directora á reunión convocada pola “*Real Academia de Ingeniería*” (RAI) e CODEIME, para elaboración do documento sobre a profesión na enxeñaría de minas, enerxía e materiais, elaborado no marco do convenio de colaboración CODEIME-RAI.

A directora agradece a participación das persoas implicadas no desenvolvemento destas actividades.

2 Actividades de representación

- 16 de setembro. Asistencia aos actos de celebración do 30 aniversario dos estudos de enxeñaría de minas na UVIGO, coas persoas egresadas, profesorado e PAS.
- 25 de outubro. Asistencia da directora en representación do centro ao acto de recoñecemento de colaboración de STELLANTIS cos centros de enxeñaría da UVIGO.
- 14 e 18 de novembro. Asistencia da directora, en representación do centro á sesión de apertura e clausura das JAI 2022. Asistencia de Iago Pozo en representación da escola na rolda de prensa da presentación das JAI 2022.

3 Actividades de orientación académica e profesional

3.1 MEET

As actividades do programa de mentorización do estudantado de novo ingreso están a realizarse con normalidade baixo a supervisión da coordinadora do programa Ángeles Domínguez.

3.2 Outras actividades de orientación académica e profesional

- 21 de xullo. A directora impartiu unha sesión informativa estudantado de 3º e 4º dos graos do centro sobre o Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.
- A Escola participou nas Xornadas de Benvida da UVIGO (Iago Pozo como coordinador da actividade).
 - 5 de setembro: No campus de Pontevedra. Participantes: Xurxo Rigueira, Pablo del Río, Daniel Lamas e Santiago Pozo.
 - 7 de setembro: No campus de Vigo. Participantes: María Pazo, Pablo del Río e Daniel Lamas.
- 8 de setembro. Sesión de benvida ao alumnado de novo ingreso dos graos do centro. Participaron no desenvolvemento desta xornada o equipo directivo, persoal do programa MEET, Enlace de Igualdade, Coordinadora de Primeiro Curso, Carmen Romo en representación do persoal de administración do centro e Delegación de Alumnado.
- 19 de setembro. Sesión de benvida ao alumnado de novo ingreso no máster universitario en enxeñaría de minas, actividade organizada pola coordinadora da titulación.
- 21 de setembro. A directora impartiu unha sesión informativa para o alumnado do centro de continuación de estudos (plan novo e plan en extinción, PAT, Plan ANEAE, prácticas externas, procedementos administrativos e académicos e resolución de dúbidas).

3.3 Actividades de formación extracurricular

11 de outubro. Conferencia: “*Ejecución de Proyectos Hidráulicos a Nivel Nacional e Internacional*”, impartida por Diego Vaquero García, egresado da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, Xerente de Proxecto na empresa OHLA Colombia.

A directora agradece a participación das persoas implicadas no desenvolvemento destas actividades.

4 Internacional

4.1 Mobilidade Erasmus + KA171

A Escola solicitou financiación de mobilidade dentro do programa “*Project for higher education student and staff mobility between Programme Countries and Partner Countries KA171*”, financiado pola *European Commission* dentro do Programa Erasmus+, para o curso 2023-2024. As entidades participantes son Universidade de Vigo (Coordinadora do proxecto), Universidad Federico Santa María (Chile), Universidad Católica del Norte (Chile), Escuela Superior Politécnica de

Chimborazo (Ecuador). A subvención concedida é de 19.380€ e concedeuse financiación de mobilidade para os seguintes conceptos:

- 1 mobilidade profesorado saínte
- 1 mobilidade profesorado entrante
- 1 mobilidade estudantado saínte
- 1 mobilidade estudantado entrante.

4.2 Internacionalización

19 de outubro. Reunión de Iago Pozo coa Vicerreitora de Internacionalización para tratar temas relativos á internacionalización na EME: mobilidade, colaboración internacional, Plan de Internacionalización da EME, proxectos de colaboración. Proporcionáaselle material de difusión das titulacións do centro para a viaxe que fixo a Brasil, Argentina e Chile.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/miles-estudiantes-brasil-arxentina-chile-descobren-oferta-potencialidades-uvigo>

24 e outubro: Asistencia de Iago Pozo á reunión do proxecto ATHENA. Iago Pozo participa na tarefa centrada na divulgación científica, realización de actividades STEAM, etc.

<https://athenauni.eu/athena-european-university/>

22 ao 25 de novembro: Asistencia de Iago Pozo á reunión con membros da coordinación de ATHENA en Siegen (Alemania) para coordinar a realización dun FABLAB (Espazo de traballo colaborativo para a formación en fabricación dixital).

Agradécese a Iago Pozo o labor de información e coordinación das actividades de mobilidade do centro.

5 Titulacións

5.1 Solicitud de Selo EURACE

Solicitouse a avaliación do Selo EURACE para o Máster Universitario en Enxeñaría de Minas. A documentación foi presentada en maio de 2022 e o 17 de novembro tivo lugar a visita do panel que se realizou en modalidade non presencial, entrevistándose o panel con representantes de estudantado, persoas egresadas, persoas empregadoras, equipo directivo e profesorado. Agradécese a todas as persoas que participaron nestas entrevistas e ao profesorado da titulación, que colaborou na preparación da documentación a presentar. Agradécese especialmente o traballo realizado por Guillermo García e o apoio de Raquel Gandón, técnica superior de calidade da UVIGO.

A directora informa de que se ten recibido hoxe mesmo a comunicación de que a titulación foi seleccionada pola ENAEE (*European Network for Accreditation of Engineering Education*) para realizar a avaliación da propia ANECA e que visitarán a Escola o panel de avaliación de ANECA e a Comisión de ENAEE dous días en febreiro de 2023.

5.2 Titulacións G2030

A tramitación da solicitude do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga estase a realizarse con normalidade. Recibiuse a autorización da SXU e presentouse a memoria de verificación ao Ministerio para a súa avaliación por parte de ACSUG.

6 Divulgación

6.1 Xornadas Portas abertas CINTECX

15 de novembro. Participación de persoal docente e investigador da EME na xornada de portas abertas do CINTECX

<http://cintecx.uvigo.es/es/jornada-de-puertas-abiertas-en-cintecx-noviembre-2022/>

6.2 Noite Europea das Persoas Investigadoras

A Escola participou nas actividades que se realizaron na Noite Europea das Persoas Investigadoras (GNIGHT) o 30 de setembro de 2022. Ademais, persoal docente e investigador da EME participou nas seguintes actividades pre-evento GNIGHT celebradas o 30 de setembro:

— **Ciencia no Bar** (en Vigo)

- “*O papel das materias primas minerais na descarbonización e na dixitalización da economía*”, Elena Alonso.

— **Expo-feira científica no Berbés**

- “*Os minerais como testemuñas da historia: dende Altamira ata a arte urbana*”, Teresa Rivas e Enrique Alonso.
- “*Xeotecnoloxías aplicadas*”, Daniel Lamas e Pablo del Río.
- “*Novas Tecnoloxías para a enxeñaría*”, Xurxo Rigueira e María Pazo.

— **Obradoiros en centros escolares:** Benito Vázquez, Pablo del Río, Iago Pozo e Ana Larrañaga.

6.3 EDUGAL

A Feira de Educación celebrouse do 26 ao 28 de outubro, organizada pola Deputación de Pontevedra. No *stand* da Escola participaron Paula Vázquez, Óscar Pereiro, Raquel Pérez, Xurxo Rigueira, María Pazo, Laura Iglesias, Lorena Lorenzo e Iago Pozo.

6.4 Proxecto A CAIXA SOSTIBLE

O 18 de novembro presentouse unha comunicación no Congreso ENCIGA 2022 (Asociación de Ensinantes de Ciencias en Galicia), celebrado en Ponteceso (A Coruña), que recolle a información máis relevantes do traballo levado a cabo no marco do proxecto de divulgación científica financiado pola FECYT. O proxecto xa está na fase de presentación aos IES da caixa co material e as instrucións das cinco actividades de divulgación.

Titulo: “*A Caixa sostible: proxecto de sustentabilidade entre a universidade e os centros educativos de secundaria*”. Pozo-Antonio, J. S.; Pérez, K.; Alonso, E.; Araújo, M.; Cordeiro, M.; Deive, F.; Eguía, P.; Patiño, D.; Pérez, R.; Rivas, T.; Vázquez, B. Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, Universidade de Vigo.

6.5 Conferencias nos IES

Data	Colexio/IES	Curso	Alumnado	PDI participante	Actividade
23/09/2022:	IES A Guía IES Alexandre Bóveda	4º ESO	71	Benito Vázquez	Física Recreativa-GNIGHT
30/09/2022:	IES A Cañiza	1º e 2º ESO	30	Benito Vázquez	Física Recreativa-GNIGHT
22/09/2022:	IES Pedro Floriani	4º ESO	26	Pablo del Río	Aplicacións de termografía infravermella. GNIGHT
23/09/2022:	IES Pedro Floriani (2 sesións)	2º ESO e 1º Bach	73	Iago Pozo	“Conservando el arte urbano” GNIGHT
04/10/2022	IES Politécnico (2 sesións)	1º e 2º Bach	120	Iago Pozo	“Recursos minerales en Galicia/España” e “Aspectos medioambientales de la explotación de recursos minerales”
28/10/2022	IES Pazó da Mercé (As Neves) (2 sesións)	3º e 4º ESO	77	Elena Alonso	“Mujer e Ingeniería”
16/11/202	IES de Mos	4º ESO e 1º Bach	85	Benito Vázquez	Física Recreativa
23/11/2022	IES Ribeira do Louro (Porriño)	4º ESO	26	Benito Vázquez	Física Recreativa

6.6 Aula Aberta á TecnoCiencia

Data	Colexio/IES	Curso	Alumnado	PDI participante	Actividade
19/09/22	IES Pedro Floriani de Redondela (2 sesións <i>online</i>)	3º ESO	49	Ana Larrañaga	Módulo de Intelixencia Artificial: “Érase unha vez un mundo de datos” (GNIGHT)
11/11/22	IES Luis Seoane de Monteporreiro	4º ESO	19	Ana Larrañaga e Raquel Pérez	Módulo de combustión

6.7 Taller recoñecemento Minerais

Data	Colexio/IES	Curso	Alumnado	PDI participante	Lugar
17/10/2022	IES O Castro	2º Bach	17	Iago Pozo	EME
07/11/2022	IES Lamas de Abade	1º ESO	60 (2 sesións)	Iago Pozo	IES

6.8 Programa STEMBach

A Escola continúa a participación no STEMBach do bienio 21/23:

- IES A Paralaia (Moaña). Bienio 2021/23 (3 estudantes) David Patiño e Raquel Pérez
- IES Valadares (Vigo). David Patiño e Raquel Pérez (3 estudantes) e Iago Pozo (3 estudantes)

- IES República Oriental de Uruguai (Vigo). Francisco Deive (2 estudantes)
- IES Aquis Celenis (Caldas de Reis). Francisco Deive (2 estudantes) e Iago Pozo (3 estudantes).

E ademais activouse a participación da Escola para o bienio 22/24

- IES Valadares (Vigo). David Patiño e Raquel Pérez (4/5 estudantes) e Iago Pozo (3 estudantes)
- IES República Oriental de Uruguai (Vigo). Francisco Deive (2 estudantes)
- IES Aquis Celenis (Caldas de Reis). Francisco Deive (1 estudante) e Iago Pozo (2 estudantes)
- Nova colaboración. IES Ollos Grandes (Lugo) no proxecto “*Investigando a túa contorna. física da man do patrimonio cultural*”, baixo a titorización de Teresa Rivas (1 estudante).

6.9 Concursos

Están publicadas na web do centro as bases das novas edicións dos concursos que organiza o centro para IES e público en xeral:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/institutos/divulgacion/concursos/>

- MULLE_RME. Prazo 26 de febreiro de 2023
- MAKETA_RME. Inscricións ata o 30 de abril de 2023.

Xa están resoltos e o 30 de novembro terá lugar o acto de entrega dos premios dos concursos:

- ENFOCA.RME
- CONTOS_EME_2022.

7 Recursos materiais e outras

Solicitouse apoio para a realización de Actividades Extracurriculares 2022 (2200 euros concedidos).

A concesión do Distintivo de Igualdade da UVIGO conleva a dotación extraordinaria de 3000 €, que se dedican a organizar actividades en materia de igualdade.

Solicitouse axuda para a organización da viaxe de estudos dos graos do centro ao Consello Social e concedéronse 2000 €.

Solicitouse axuda para a organización da Olimpíada de Xeoloxía e concedéronse 978 €.

Recibiuse o orzamento para o 2023, manténdose o orzamento total do centro en 96.150€, igual que no 2022.

8 Igualdade

8.1 II Xornada “*A Muller na profesión de enxeñaría de minas, materiais e enerxía*”

O 4 de novembro tivo lugar a II Xornada, que se desenvolveu en modalidade presencial e non presencial simultaneamente. Asistiron *online* un total de 13 persoas de distintos lugares (Oviedo,

Jaén, Madrid...) e 15 persoas presencialmente na sala. As persoas que participaron como poñentes foron:

- Conferencia inaugural. A profesión e a traxectoria persoal. Silvana Silvoso Abal. Enxeñeira de Minas (Uvigo). INDECAM Ingeniería.
- Experiencias na implantación de Plans de Igualdade no ámbito da profesión de Enxeñaría de Minas, Enerxía e Materiais. Juan José López Muñoz. Enxeñeiro de Minas (UPM). *Strategic Minerals Europe Corp.* e Presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia.
- Miradas persoais:
 - o Raquel Mosquera Pérez. Enxeñeira de Minas, especialidade Materiais (Uvigo). Precisgal.
 - o Ángela Rodríguez Pena. Graduada en Enxeñaría da Enerxía (Uvigo). Técnica de proxectos de hidróxeno verde, atlanHY (Vigo).
 - o Estefanía López Quiroga. Enxeñeira de Minas e Doutora (Uvigo). *Lecturer in Model-Driven Formulation Engineering. CDT in Formulation Engineering. University of Birmingham.*

Agradécese a Generosa Fernández o labor de organización e coordinación das actividades realizadas e a todas as persoas que participaron nelas.

9 Sistema Garantía Calidade

9.1 Comisión de Calidade

Na sesión do 19 de outubro da Comisión de Calidade aprobáronse os seguintes rexistros do SGIC que no requiren a súa aprobación na xunta de centro:

- Rexistro R1-MC02 Informe de QSP periódico (curso 2021/2022)
- Rexistro R1-MC05 Informe de Resultados de Satisfacción Propios do centro (curso 2021/2022)
- Informe Anual de Promoción das titulacións do centro (curso 2021/2022), correspondente ao rexistro R1-DO0202 Plan de promoción do centro
- Rexistros R3-DO0201 P1 Informes de Coordinación das 3 titulacións impartidas no centro

9.2 Resultados enquisas satisfacción coas titulacións

24 de outubro: informes de ES de alumnado e persoas egresadas (curso 2021-22). Cabe indicar que la EME é o centro no adscrito mellorado valorado da UVIGO e as titulacións do centro figuran entre as mellores valoradas da Universidade.

9.3 Enquisas Avaliación Docente

EAD curso 2021-22. O 3 novembro publicáronse os resultados provisionais e os resultados agregados por titulacións.

EAD curso 2022-23. Realizaranse *online*, probablemente en novembro. Enviouse un e-mail ao profesorado o 14 novembro para que informe sobre a aceptación de participación.

9.4 Programa DOCENTIA

Desde o centro incentivouse a participación do profesorado no Programa Docentia quinquenal, realizándose unha sesión formativa sobre o desenvolvemento do programa para o profesorado do centro. Na Convocatoria Quinquenal do programa participan 8 profesores pertencentes á Xunta de Escola. Do profesorado vinculado ao centro (4 persoas) xa se tiñan recibido os resultados provisionais, tendo os catro a valoración de “excelente”. Agrádecese ao profesorado participante no programa o traballo realizado para presentarse a convocatoria.

Agrádecese a Guillermo García o seu traballo como Coordinador de Calidade do centro.

10 Procedementos académicos

10.1 Normativa avaliación e cualificación da UVIGO

Remitíronse, a través do sistema habilitado pola Vicerreitoría de Estudantado e Emprego, suxestións á proposta de “Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado”. A comisión redactora acordou abrir un novo período de alegacións para que a comunidade universitaria poida presentar as súas suxestións e propostas ao título IX “Da avaliación por compensación”. As alegacións e propostas poden presentarse ata o 5 de decembro de 2022 cubrindo na secretaría virtual o formulario de alegacións.

10.2 Defensa de TFG e TFM da convocatoria ordinaria

O día 26 de xullo tivo lugar a defensa de TFG correspondente á convocatoria de xullo

- Grao en Enxeñaría da Enerxía: 5 estudantes
- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos: 3 estudantes.

O día 27 de xullo tivo lugar a defensa de TFM correspondente á convocatoria de xullo do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas: 6 estudantes.

Os días 3 e 4 de outubro tivo lugar a defensa de TFG correspondente á convocatoria extraordinaria

- Grao en Enxeñaría da Enerxía: 3 estudantes
- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos: 1 estudante.

10.3 Datos matrícula novo ingreso nos graos

	17/18	18/19	19/20	20/21	21/22	22/23
Grao EE	43	50	31	42	45	47
Grao ERME	13	8	8	6	15	11
Total graos	56	58	39	48	60	58
MUEM					5	8+4 (estudantes pendentes de defensa TFG)

11 Procedementos administrativos

Está publicado no taboleiro electoral o calendario para a elección de representantes (PDI-B, estudantes e PAS) na Xunta de Escola da EE de Minas e Enerxía. Seguindo dito calendario, o

prazo para a presentación de reclamación aos censos provisionais, que están publicados no taboleiro electoral, remata o xoves 24 de novembro.

12 Próximas actividades

12.1 Delegación de Alumnado

Delegación de Alumnado está a organizar a Carreira de Santa Bárbara e outras actividades deportivas, que terán lugar o próximo 2 de decembro.

12.2 Actos Santa Bárbara

- Inauguración da “*Aula Aberta á Tecnociencia*” o próximo mércores, 30 de novembro. Contaremos coa presenza do Reitor e o Presidente do Consello Social da UVIGO.
- Entrega Premios Concurso CONTOS_EME_2022. Recibíronse 36 relatos de 16 institutos e 15 relatos de estudantado da UVIGO.
- Entrega Premios Concurso ENFOCA.RME 2022.
- Entrega Premio COIMNE aos catro mellores expedientes de acceso ao Máster Universitario en Enxeñaría de Minas procedentes dos graos do centro.
- Entrega Premio COITMGA aos dous mellores expedientes de acceso ao Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.